



**Ast.º: Certificado do decreto de adxudicación do contrato**  
**Ref.ª: Subministres, expediente S. 01/11 (FSV)**

M. BLANCA ESTÉVEZ SÁNCHEZ, SECRETARIA INTERVENTORA DO CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA,

**CERTIFICA:**

Que segundo se desprende do Libro de decretos da Presidencia deste Consorcio, arquivado nesta Secretaría ao meu cargo, resulta que o día doce de xullo de dos mil doce (12.07.2012) o Sr. Presidente adoptou a resolución contida en decreto desa data cuxo contido figura a continuación:

4/5/11  
->> Sendo titular da Presidencia do Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña,>>  
(...) << a referida Autoridade dita:

Logo de ver o expediente S.01/11 (FSV) incoado para a contratación da adquisición dos subministres consistentes en catro vehículos FSV (Furgón Servizos Varios) con seu equipamento con destino aos parques comarcais de bombeiros de Arteixo, Carballo, Boiro e Betanzos. Expediente que, tras la conformidade do Pleno e constando as actuacións preparatorias legalmente esixidas, foi aprobado por esta Presidencia mediante resolución contida en decreto de data 29 de novembro de 2011, co fin da dita adquisición previa a súa adxudicación mediante procedemento aberto con multiplicidade de criterios ademais do prezo, e que se tramita de acordo co disposto na Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (en diante, LCSP), en aplicación do establecido pola Disposición transitoria primeira do Texto refundido da Lei de contratos do sector público aprobado polo Real decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro.

Que constan no devandito expediente en canto ao proceso de adxudicación do contrato e, entre outros, os seguintes:


**antecedentes:**

1. Os que, como tais, constan na resolución desta Presidencia, de 27 de xuño de 2012, que se dan por reproducidos.
2. Que, de conformidade coa citada resolución de 27 de xuño, unha vez requirido ao licitador para a presentación da documentación á que fai referencia a cláusula 16.2 do prego de administrativas particulares, consta que a mesma ten sido debidamente presentada (en forma e prazo), incluíndo a garantía definitiva, polo que, en consonancia co disposto na cláusula 16.3 do dito prego, procede a adxudicación do contrato, constando tamén, a estes efectos, no expediente, a fiscalización previa ao compromiso de gasto que aquela leva aparelado.

Sobre a base dos antecedentes expostos e documentación que obra no expediente, atendido o disposto na citada cláusula 16.3 do repetido prego de administrativas particulares que rexe no procedemento para a contratación da adquisición dos subministres comprendidos no expediente S. 01/11 (FSV), así como no uso das atribucións conferidas pola Disposición adicional segunda da Lei 30/2007, de Contratos do sector público en relación co art. 14.14 dos estatutos deste Consorcio, mediante o presente,

**RESOLVO:**

- 1º. Aprobar o proceso de licitación realizado, por considerar que o mesmo adecúase ao establecido nas cláusulas 9ª e seguintes do prego de cláusulas administrativas particulares en concordancia, así mesmo, coa normativa que é de aplicación.
- 2º. De conformidade co anterior, quedan expresamente aprobadas as exclusións realizadas pola Mesa de Contratación en reunión do día 16 de abril de 2012, atendido que ao respecto se establece:





- a) Respecto do licitador excluído Albatros Promotora Empresarial, S.A.: tal e como consta na resolución desta presidencia do recurso especial en materia de contratación, desestimando o mesmo e ratificando a exclusión realizada.
- b) Respecto do licitador Iturri, S.A.: polos motivos que constan na comunicación realizada ao efecto o día 16 de abril de 2012, non podendo tomarse en consideración como "MERO ERROR MATERIAL", a documentación aportada en 17 de abril de 2012 por dito licitador, por canto a mesma non se corresponde coa documentación técnica do sobre "B" presentada á licitación, onde non consta a nova ficha técnica que na documentación de 17.04.2012 aporta e, pola contra, na oferta presentada ao procedemento, consta, a lo menos 2 veces, "arranque eléctrico con batería".
- c) Respecto do licitador "Incipresa, S.A.": polos motivos que constan na comunicación realizada o día 16 de abril de 2012 a dito licitador.

**3º.** Aceptar a proposta de adxudicación formulada pola Mesa de Contratación, e na súa virtude, adxudicar o contrato para adquisición dos subministres comprendidos no expediente S. 01/11 (FSV), a VEHÍCULOS, EQUIPAMIENTOS Y CARROCERÁS PRIETO-PUGA, S.L. de conformidade coa súa oferta, económica, técnica e de mellora no prazo de garantía e, en consecuencia, nos termos seguintes:

- a) Prezo total do contrato: ascende á cantidade de 645.238,00€ (seiscentos corenta e cinco mil douscentos trinta e oito euros), mais a partida que corresponde ao Imposto sobre o Valor Engadido, consonte ao seguinte:

	CIFRA	LETRA
Prezo base	645.238,00	.-Seiscentos corenta e cinco mil euros douscentos trinta e oito euros.-
Imposto sobre o Valor Engadido (18%)	116.142,84	.-Cento dezaseis mil cento corenta e dous euros con oitenta e catro céntimos.-
Total (incluído o IVE.)	761.380,84	.-Setecentos sesenta e un mil trescentos oitenta euros con oitenta e catro céntimos.-

- b) Melloras técnicas sobre as mínimas que figuran no prego das prescricións técnicas e elementos técnicos ofertados, de conformidade co seguinte (sen carácter exhaustivo):

a. Vehículo:

- Chasis Mercedes-Benz modelo Sprinter 519 CDI 4x4 Euro V. M.M.A. 5.500 kgs. Motor Diesel OM 642 DE 30 LA, 2.987 cm.<sup>3</sup>, 4 tempos, 6 cilindros. Potencia 140 kW (190 c.v.), 3.800 r.p.m. Dirección asistida hidráulicamente con posibilidade de accionamento manual caso fallo. Cambio automático. Sistema de freos hidráulico de dobre circuito, con ABS, ASR e EBV. Programa electrónico de estabilidade (ESP9i). Depósito de combustible de 100 L. Equipo eléctrico: Tensión servizo 12cc., batería de 12 V y 100 Ah. alternador 14 V/220 A, enchufe estanco para carga de baterías en lugar de fácil acceso.
- Melloras en equipamento e dotacións: Cambio automático. Cristais calorífugos en todas as xanelas. Antena GSM, GPS, UMTS. Guanteira con pechadura. Contacto para o arranque facilitando arranque con corrente externa e a recarga da batería. Axuda ao arranque para facilitar a posta en marcha en pendentes impedindo uns segundos que o vehículo rode por se mesmo. Batería auxiliar para consumidores auxiliares, con interruptor separador. Luces de freo adaptativas. Módulo especial parametrizable carrocero. Indicador temperatura exterior. Apoiabrazos asento conductor. Espellos retrovisores exteriores calefactables e regulables electricamente. Calefacción/Ventilación H20-Cristales calorífugos en todas as xanelas. Calefacción/Ventilación HH9-Acondicionador de aire regulado Tempmatik. Faros antinéboa halóxenos. Peche centralizado con radio telemando. Elevelunas eléctrico dobre.
- Melloras na seguridade: Programa electrónico de estabilidade Adaptive Esp. Sistema de control de tracción ASR. Distribución electrónica da forza de freado EBV. Limitación do sistema de volcada ROM. Sistema de intervención en movementos desestabilizadores RMI. Servofreo de emerxencia BAS. Bloqueo electrónico de arranque.

25/4



- 3/4
- Maniobrabilidade do vehículo: Ancho de carrozado 1.970 mm. Diámetro de xiro (12,6 círculo viraxe roda exterior, 13,6 diámetro de xiro).
  - Outras: 50 litros de auga mais sobre o solicitado no prego. Tres c.v. mais de potencia sobre o solicitado no prego (bomba contra incendios)
  - Asistencia técnica post-venta en talleres propios na provincia da Coruña.
  - b. Instalación hidráulica de extinción: FIRECO, de 171 bar, con auga e espuma colocado en cofre posterior vehículo e sobre un soporte extraíble.
  - c. Cisterna de auga 300 litros inoxidable AISI L.
  - d. Bomba: FIRECO, modelo XWA9G24.
  - e. Carrozaría r armarios, segundo descrición proposta, con inclusión de iluminación dos armarios mediante sistema leds MCD de arranque automático.
  - f. Iluminación e sinalización: ponte carenada Vama, Modelo Phoenix. Altofalante Vama de 100 W. Focos estroboscópicos Vama. Faro orientable móbil dianteiro con enchufe blindado en cabina. Equipo de saída rápida. Mástil telescópico Fireco, modelo Ultralight de 5 mts. Altura, con catro luminarias de 500W (con lámpada halóxena). Sirena electrónica Vama, modelo AS-320 de 100 W e conexión a megafonía. Sistema acústico de prioridade. Iluminación de traballo con focos de escena Vama, modelo FD Ghscene.
  - g. Dotación e equipos:
    - Para un dos vehículos: Bomba hidráulica modelo DPU 31PC. Mangueras modelo Core™. Cizalla hidráulica Modelo CU-4050 C NCT N. Separador hidráulico Modelo 4241 C. Caixa con accesorios e cadeas de tracción, para separador. Cilindro hidráulico, Modelo RA 4331 C. Cilindro hidráulico, Modelo RA 4332 C. Xogo de accesorios para cilindros hidráulicos. Xogo protector de air-bag Modelo Secunet. Xogo cuñas estabilizadoras e bloques. Xogo de cubertas protectoras para pilares, cantos vivos, etc. Modelo Sep 10. Serra rompecristais, con punzón e abrazadeiras de montaxe, Modelo Glas Master. Lona/posto de ferramentas, Modelo Pañol. Minicizalla cortapedais, Modelo CU 4007 C. Soportes de cilindros, Modelo HRS 22 NCT. Barreira (escudo) protectora. Obturador de tubarías, Modelo HPS 60 AU.
    - Para os outros tres vehículos: Cilindro hidráulico, Modelo RA 4332 C. Xogo cuñas estabilizadoras e bloques. Serra rompecristais, con punzón e abrazadeiras de montaxe, Modelo Glas Master. Lona/posto de ferramentas, Modelo Pañol. Xogo protector de air-bag, Modelo Secunet. Obturador de tuberías, Modelo HPS 60 AU.
  - h. Set de estabilización para vehículos, marca Holmatro, modelo HVS-3.
  - i. Conxunto de apuntalamo, estabilización e elevación de emerxencias, Marca Holmatro, Modelo PSX1, cos compoñentes esixidos e segundo proposta.
  - j. Material de extinción, de conformidade co esixido e segundo proposta
  - k. Outro material, de conformidade co esixido e segundo proposta.
  - l. Acabados e rotulación de acordo co esixido e segundo proposta.
  - m. Curso de adestramento: que se impartirá en cada un dos catro parques destinatarios dos subministres, durante o tempo que o Consorcio estime necesario sen incremento de custos.
- c) Mellora no prazo de garantía dos vehículos de acordo co lo seguinte:
- a. Chasis: dous anos mais adicionais sobre os dous iniciais ou 200.000 Km. O que antes cumpra.
  - b. Carrozaría contra incendios: Tres (3) anos (un ano mais sobre o mínimo de dous).

4º. Así mesmo, e conforme establece a cláusula 2ª.2 do Prego de administrativas, o contrato se rexerá e forman parte do mesmo os documentos seguintes, xuntándose, como se indica, ao que formaliza e perfecciona a presente adxudicación, mediante anexo que corresponda:

- a) Polo disposto na presente resolución de adxudicación, cuxa certificación se unirá como anexo ao contrato.
- b) Polo Prego de cláusulas administrativas particulares e polo das prescricións técnicas, estes últimos, coas modificacións introducidas pola melloras que en prezo, técnicas e prazo de garantía figuran no apartado anterior, que unha vez asinados polo contratista se unirán, así mesmo e como anexo ao contrato.





- c) Pola documentación técnica indicativa de cada un dos subministres que comprende o contrato e que, firmada polo contratista, se unirá como anexo ao contrato.

**5º.** Dispoñer o gasto que comporta a presente adxudicación con cargo ás aplicacións orzamentarias as 135.624.00 (coa sub-división por parques de destino dos subministres) do vixente Orzamento de 2012, anulando o saldo por importe de 39.623,22€, resultante da baixa realizada (IVE incluído) sobre o prezo de licitación.

**6º.** Notificar a presente á totalidade dos licitadores, así como ao que ten resultado adxudicatario, a quen se citará para a formalización do contrato administrativo que, en todo caso, haberá de suscribirse no prazo máximo dos quince días hábiles desde o seguinte ao da remisión da indicada notificación, que será realizada mediante Fax.

**7º.** Contra o presente acto comprensivo da adxudicación, que pon fin á vía administrativa (Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común) poderá interpoñerse de forma potestativa polos interesados, especialmente, polos licitadores non adxudicatarios, o recurso especial en materia de contratación no prazo de quince días hábiles contados a partir do seguinte ao da remisión da notificación do presente, tal e como dispón o art. 314.2 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (coas modificacións operadas pola Lei 34/2010, de 5 de agosto), e na forma e modo que no propio art. 314 se establece. Contra a resolución de dito recurso, unicamente poderá interpoñerse recurso contencioso – administrativo conforme ao disposto pola Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso – Administrativa.

**8º.** Publíquese certificación desta resolución no perfil do contratante así como extracto que corresponda no Diario Oficial da Unión Europea, Boletín Oficial do Estado e Boletín Oficial da Provincia da Coruña, aos efectos de transparencia, publicidade, público coñecemento e cumprimento do disposto na cláusula 18 e cc. do prego de administrativas particulares e emítase, así mesmo, a correspondente certificación para a súa unión ao expediente de orixe e como anexo ao contrato citado no apartado 4º da presente.

Rematado (...)>>

E, para que así conste e xurda os efectos oportunos, emito a presente certificación en cumprimento do disposto polo art. 2.e) do texto normativo aprobado polo Real decreto 1174/1987, de 18 de setembro, de orde e co visto e prace do Sr. presidente en Carballo, a doce de xullo de dos mil doce.

**V.º B.º**  
**El presidente,**

Fdo.: Santiago Villanueva Álvarez

